



PROXECTO LINGÜÍSTICO

C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira
2022



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE DE
PALMEIRA

R/ MOLDES Nº 2;15959 PALMEIRA
(A CORUÑA)

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO Ano 2022

ÍNDICE

1.- Limiar.	5
2.- Marco legal.	6
3.- Datos do centro.	7
4.- Estudo sociolingüístico.	9
4.1. Contorno sociolingüístico do centro.	9
4.2. Situación do profesorado.	10
4.3. Situación do alumnado.	14
4.4. Situación lingüística do centro.	22
5.- Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.	22
6.- Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.	23
6.1.- Referentes ao funcionamento interno do Colexio.	23
6.2.- Referentes ás relacións externas do Colexio.	24
6.3.- Referentes ao profesorado.	24
6.4.- Referentes ao alumnado.	25
6.5.- Referentes ó EDLG : actividades periódicas e puntuais.	26
7.- Actividades para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, as dúas linguas oficiais.	26
8.- Estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais.	29
9.- Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas oficiais.	30
9.1.- Medidas a adoptar co alumnado procedente do	31

estranxeiro.


10.- Decisión do centro respecto das linguas en que se impartirán as materias. **35**

11.- Seguimento e avaliación do Proxecto Lingüístico. **40**

12.- Anexo. **42**

1.- Obxectivos e estratexias para a lingua inglesa. **43**

1.- LIMIAR



Este Proxecto Lingüístico de Centro supón un plan específico de normalización lingüística, e determina as estratexias a seguir na Comunidade Escolar do C.E.I.P. Plurilingüe de Palmeira.

A pesar de que un gran número de nenos e nenas ten como lingua materna e de uso cotiá o castelán, dende o noso centro e a todos os niveis (EDLG, Dirección do centro, os diferentes Equipos de Traballo, ANPA...) pretendemos que o galego sexa a lingua vehicular do centro, utilizándoa tanto a nivel docente (como marca a lei), no trato cos nosos alumnos e alumnas, e nas relacións con toda a Comunidade Escolar.

O principal obxectivo é o de garantir os obxectivos marcados pola lei, e do mesmo xeito, favorecer a consideración social positiva e de prestixio da lingua galega, en toda a comunidade escolar e sobre todo no noso alumnado. Trátase de conseguir as pautas para lograr a capacidade dos nosos alumnos e alumnas a utilizar correctamente a lingua galega e a castelá, tanto na fala como na escrita e acadar a adquisición dun coñecemento efectivo na lingua inglesa..

2.- MARCO LEGAL.

✓ Constitución española. Ano 1978:

- Artigo 3: "As outras linguas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas ...".
- Artigo 20: "...respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España".

✓ Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia:

- Artigo 5:
 1. A lingua propia de Galicia é o galego.
 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida

pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.

✓ **Lei 3 /1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística:**

- Todo o Título III (do uso do galego no ensino).

✓ **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:**

- Artigo 13º. -Tratamento das linguas oficiais.

Na etapa de educación infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa.

- Obxectivos área linguaxes: comunicación e representación , bloque 1: linguaxe verbal
 - Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos - expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
 - Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
 - Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

✓ **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

✓ **Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitaria de Galicia:**

- Artigo 14º: proxecto lingüístico de centro.

✓ **Instrución do 31 de xullo de 2013, para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os**

pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.

- ✓ **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**
- ✓ **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
 - Obxectivos de Educación Primaria:
 - e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
 - f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

3.- DATOS DO CENTRO.

O CEIP Plurilingüe de Palmeira sitúase na parroquia de San Pedro de Palmeira, pertencente ao Concello de Ribeira na provincia de A Coruña. Compreendida dentro da península do Barbanza meridional, está rodeada por Santa Uxía de Ribeira ao suroeste, Artes ao oeste, Oleiros ao noroeste, A Pobra do Caramiñal ao norte e a Ría de Arousa polo leste. A súa extensión é dunhas 880 hectáreas e ten unha poboación segundo o IGE (ano 2019) de 2.567 habitantes distribuídos en 18 entidades de poboación, o que supón unha diminución en relación ao ano 1999 cando tiña 2.905 habitantes.



POBOACIÓN.

Maioritariamente a poboación é orixinaria da zona. Hai algunhas familias, ou integrantes dalgunhas familias, de etnias diferentes que residen na parroquia e traen aos nenos e nenas ao Centro, non tendo por estas razóns problemas de integración social no ámbito

escolar. Os problemas preséntanse no caso dalgúns grupos marxinados na parroquia por razóns fundamentalmente económicas.

Nos últimos anos vai en aumento o alumnado procedente do estranxeiro.

ACTIVIDADE LABORAL. NIVEL SOCIO-ECONÓMICO.

A penas hai industria na parroquia, vive principalmente das industrias veciñas e da emigración, pero aínda existen certas actividades locais.

Apréciase importantes diferenzas entre pais e nais.

Nas mulleres, canto máis maiores, máis presenza teñen os labores domésticos como única actividade. As mulleres máis novas vanse incorporando á actividade laboral nos sectores industrial e de servizos.

Diminúe o número de homes que traballan no mundo do mar (pesca, mariña mercante); vai aumentando a presenza no sector servizos. Aínda é importante o número de obreiros na construción. Comezan a aparecer entre a xente máis nova os pequenos empresarios.

Aumentan os casos de persoas en paro, sobre todo as mulleres, as máis das veces con carácter temporal.

O nivel socio-económico é medio-baixo, notándose nos últimos anos os efectos da crise en todo os sectores.

ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

Dende o curso 1996-97 o Colexio queda configurado como un C.E.I.P.: Colexio de Educación Infantil e Primaria. No curso 2014/15 entramos a formar parte da Rede de Centros Plurilingües de Galicia polo que pasamos a denominarnos C.E.I.P Plurilingüe de Palmeira. As unidades de Educación Infantil e Educación Primaria e o catálogo de postos de traballo publícanse para cada curso no DOG, en función do número de alumnos e alumnas.

Dispoñemos, ademais de aulas de Educación Infantil e Educación Primaria, dun Departamento de Orientación no que está integrado por varias aulas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe. Temos tamén unha aula de Música, unha de Inglés, unha de Informática e unha de Educación Plástica. Contamos así mesmo cunha Sala de Usos Múltiples, a Biblioteca, un ximnasio e o comedor.

4.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

Ao longo da súa historia o CEIP Plurilingüe de Palmeira sempre traballou activamente na promoción e uso da Lingua Galega. O seu Equipo de Dinamización funciona dende hai moitos anos e curso tras curso organízanse e celébranse diferentes festas cíclicas da cultura galega, ademais doutras celebracións como poden ser o Día das Letras Galegas, o Día da Paz, o Día da Muller, ... traballando en colaboración cos diferentes equipos de traballo que funcionan no centro e que utilizan tamén o galego como lingua prioritaria.

Dito isto faremos constar tamén que durante o curso 1995-96 producíronse uns feitos lamentables que marcarían en certa medida a actitude negativa cara o uso da lingua galega por parte dalgunhas familias. A grandes liñas, os feitos aconteceron tras a decisión do claustro de profesores e profesoras de Palmeira de implantar, previa a elaboración dun proxecto aprobado polo Consello Escolar, a escolarización en galego de forma progresiva en Educación Infantil e en Educación Primaria, amparados pola lei. A ANPA do colexio escindiuse en dúas, uns partidarios da medida adoptada e outros en contra, chegando en ocasións a enfrontamentos entre eles e cos docentes. A Consellería resolveu dando a razón ao Centro, xa moi avanzado o curso. Aínda que xa pasaron máis de anos, seguimos constatando certos prexuízos cara o galego por parte de algunhas familias e nun uso preocupante do castelán na educación dun alto grupo de nenos e nenas, a pesar de que entre os adultos falen en galego.

Durante o curso 2007-2008 comezouse a elaborar o PSC, deseñando e pasando distintas enquisas para obter datos dos distintos axentes educativos, revisándose novamente no curso 2011-2012. Estes datos amosan distintos aspectos sobre a lingua (uso, valoración, prexuízos...) e foron actualizados no curso 2020-2021 pasando novamente as diferentes enquisas á comunidade escolar. O resultado queda reflectido nos seguintes puntos:

4.1.- Contorno sociolingüístico do centro.

A lingua utilizada habitualmente nas familias da parroquia tanto a nivel familiar como nas interaccións comunitarias é principalmente o galego. A presenza do galego vai diminuindo progresivamente de avós a netos.

O Concello utiliza o galego para as diferentes comunicacións coa cidadanía.

Por outro lado, as entidades asociativas da parroquia utilizan na maior parte o galego.

4.2.- Situación do profesorado.



A participación do profesorado baixou con respecto a convocatorias anteriores sendo un 76,6 % a porcentaxe de participación neste ano.



A porcentaxe de profesorado que utiliza a lingua galega dentro e fóra do colexio aumentou se comparamos os datos obtidos neste ano cos do ano 2008 aínda que en menor medida cando se utiliza fóra. Isto pódese deber á chegada de profesorado novo ao centro. Sen embargo, segue predominando o uso do castelán en termos xerais.

O profesorado considera que ten una capacidade alta ou moi alta para empregar o galego na docencia e ademais, ten plena disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización. Por outra banda, con respecto ao 2012, descendeu o número de profesorado que considera estar de acordo con que as matemáticas se poidan aprender en galego e que aprender dúas linguas enriquece. Tamén descendeu a porcentaxe de profesorado que está en desacordo con que o uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo.


Pódese dicir que a actitude cara a utilización do galego no ámbito educativo é favorable, así como cara á normalización social do galego. Os resultados foron nalgúns casos mellores que nas enquisas dos anos 2008 e 2012.









3. Profesorado: A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.




4. Profesorado: O uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo.



5. Profesorado: O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.







4.3.- Situación do alumnado.

Nesta sección decidimos dividir ao alumnado en dous grupos: Educación Infantil e Educación Primaria. As enquisas foron cubertas polos pais e nais ata 4º curso de primaria. O alumnado de 5º e 6º de primaria cubriu as enquisas no centro.


EDUCACIÓN INFANTIL

Da totalidade dos pais e nais contestaron á enquisa o 53,40%, baixando a participación con respecto ao ano 2012.


Entre o alumnado de Educación Infantil é maioritario o uso habitual da lingua castelá, aínda que subiu a porcentaxe do alumnado que aprendeu a falar en galego respecto ao ano 2012 e baixou o predominio do castelán respecto ao do galego sobre os anos anteriores.




Con respecto, á lingua habitual das familias o castelán é a lingua que máis se fala.



A actitude das familias do alumnado de Educación Infantil cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á normalización social do galego é favorable:




2. E.I.: As matemáticas pódense aprender en galego.




4. E.I.: Gustaríame que o/a noso/a fillo/a recibise máis clases en galego.



6. E.I.: En Galicia, debería usarse máis o galego.



7. E.I.: A xente que fala castelán é máis intelixente.





EDUCACIÓN PRIMARIA



Da totalidade dos alumnos e alumnas contestaron á enquisa o 58,6%, 10.8 puntos menos que no ano 2012 (Hai que subliñar que a participación do alumnado de 5º e 6º foi do 98,4%). Para a elaboración das gráficas xuntáronse as respostas das familias do alumnado de 1º a 4º coas respostas dadas polo alumnado de 5º e 6º.

Neste grupo de alumnado os resultados das enquisas reflicten unha maior utilización do castelán, porcentaxe que aumentou con respecto as enquisas realizadas no ano 2008.

Isto obsérvase na práctica, pois a utilización do galego por parte dos nenos e nenas redúcese ao ámbito docente, pero fóra do colexio ou mesmo nos recreos moi poucos falan galego. Apreciamos tamén un aumento da aprendizaxe "bilingüe" reducíndose a aprendizaxe de "só castelán".




Incrementouse notablemente o uso do galego con respecto a anos anteriores aínda que predomina o castelán como lingua que utiliza habitualmente o alumnado:




A actitude do alumnado de Educación Primaria cara á utilización do galego no ámbito educativo e cara á normalización social do galego é favorable.


1. E.P.: O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos




2. E.P.: As matemáticas pódense aprender en galego.



3. E.P.: A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.





4. E.P.: Gustaríame recibir máis clases en galego



5. E.P.: En Galicia o galego é pouco útil.





Observamos claramente que o idioma galego é unha lingua potencial, xa que os participantes ven no uso do galego unha gran utilidade en todos os ámbitos: videoxogos, educación,...

4.4.- Situación lingüística do centro.

A Lingua Galega é a lingua empregada en toda a documentación administrativa e pedagóxica do centro, como tamén nos documentos, notas informativas, solicitudes... dirixidas ás familias, Concello e outros organismos ou asociacións do contorno.

Por outra banda todo tipo de carteis, avisos, letreiros... das dependencias do colexio están redactados en Lingua Galega.

Os claustros e consellos escolares realízanse **tamén en Galego ao igual que a revista escolar "Tixosa" que se elabora ao longo do curso**, e a páxina web do propio centro.

Os distintos Equipos de traballo que traballan no centro, sempre utilizan o galego nas súas publicacións, nos seus carteis, notas informativas e todo tipo de traballos.

A ANPA e o persoal non docente do centro utilizan tamén a Lingua Galega.

5.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

- Conseguir que a lingua galega sexa a lingua vehicular do colexio, que se utilice tanto a nivel escrito como a nivel oral, e sexa a lingua habitual nas relacións internas e externas do centro.
- Promover a participación de toda a comunidade escolar no proceso de normalización lingüística.
- Planificar actividades que garantan e promovan o coñecemento da lingua e da cultura galega.
- Lograr a participación de toda a comunidade escolar nas actividades que fomenten o uso da lingua galega e fomenten a eliminación de prexuízos cara a lingua e cultura galega.
- Garantir que os nenos e nenas logren un dominio oral e escrito da lingua galega e da lingua castelá, mediante a utilización de estratexias didácticas, lúdicas, e participativas.
- Conseguir que aumenten os índices de valoración positiva da lingua galega en toda a comunidade escolar.

6.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

6.1.- Referentes ao funcionamento interno do Colexio.

- O Equipo Directivo animará a comunidade educativa a facer do galego a lingua de uso habitual do centro, tanto no aspecto docente coma nas relacións persoais e co alumnado. Procurará así mesmo un ambiente de confianza e tolerancia cara á normalización lingüística, facendo cumprir a lei establecida.

- A documentación administrativa ou económica será elaborada en lingua galega, así como toda a correspondencia, dirixida á comunidade escolar ou ás administracións pertinentes.
- Empregarase a lingua galega en todos os rótulos e carteis informativos do colexio.
- A lingua habitual de claustros, consellos escolares e reunións de ciclo ou de equipos de traballo será a lingua galega.
- As reunións cos pais e nais do alumnado realizaranse preferentemente en galego.
- Divulgarase o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) para que toda a comunidade escolar poda coñecelo.
- Dotarase adecuadamente aos grupos de traballo, ciclos ou aulas de material e recursos necesarios para poder levar a cabo accións que posibiliten a normalización lingüística.
- Sensibilizarase aos pais e nais do alumnado sobre a necesidade de usar e promover o uso das dúas linguas oficiais.
- O EDLG colaborará coa Biblioteca do centro, así coma con todo os equipos de traballo que funcionan no colexio, para acadar os mellores resultados no proceso de normalización lingüística.
- O EDLG do colexio encargarse de elaborar material didáctico, de proporcionar información, de organizar ou colaborar coa organización de eventos, celebracións ou actos especiais. Tamén informará de calquera curso ou actividade de formación, dirixidos á formación ou especialización de aspectos relacionados coa lingua ou a cultura galega.
- O EDLG colaborará cos responsables da Páxina Web do Colexio, e cos responsables da revista "TIXOSA", procurando que se sigan elaborando en lingua galega.

6.2.- Referentes ás relacións externas do Colexio.

- Utilizarase a lingua galega como vehículo de expresión habitual, tanto oral como escrita, nas relacións do colexio con outras institucións, administracións, estamentos, empresas ou medios de comunicación (a excepción de aqueles que se atopen fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Colaborarase e participarase nas actividades organizadas por

diferentes entidades locais ou provinciais, que teñan entre os seus obxectivos o fomento do uso da lingua galega.

- Utilizarase a lingua galega na edición da revista anual TIXOSA, que se reparte a toda a comunidade escolar, así como nas actividades do Equipo de Novas Tecnoloxías, que elabora e organiza a intranet do colexio, así como a Páxina Web que constitúe un verdadeiro escaparate do colexio en internet.

6.3.- Referentes ao profesorado.

- Adoptarase un criterio xeral de discriminación positiva respecto á lingua galega, tendo en conta que é a lingua que parte dunha situación de desvantaxe, desigualdade que ten que ser compensada.
- Utilizarase o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado.
- Utilizarase o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o alumnado, tanto na labor docente (agás nas materias que se imparten noutras linguas) como en situacións cotiás, en actividades complementarias ou extraescolares.
- Utilizarase o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e os pais e as nais.
- Utilizarase o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e o persoal non docente do centro.
- Utilizarase o galego como lingua de comunicación oral e escrita entre o profesorado e as administracións.
- Elaboraranse as distintas programacións e memorias en lingua galega, agás as referentes a outras linguas.
- Asegurarase a utilización da lingua galega como lingua vehicular e de aprendizaxe do centro, procurando a súa utilización no maior número de materias posible.
- Estableceranse criterios xerais para o tratamento das linguas curriculares, así como para o uso destas na docencia doutras materias.
- Tratarase nas reunións de ciclo ou de equipos de traballo a problemática lingüística e unificaranse criterios.

- Adaptarase o proceso de ensino das linguas en función da realidade sociolingüística do centro.
- Sensibilizaranse aos pais e nais do alumnado sobre a necesidade de usar e promover o uso das dúas linguas oficiais.
- Contribuirase a desenvolver a conciencia lingüística entre o alumnado, combatendo prexuízos lingüísticos cara ó galego.
- Atenderase aos alumnos doutras comunidades, do estranxeiro ou con necesidades educativas especiais, mediante un tratamento lingüístico e cultural que vaia permitindo a súa incorporación progresiva ao ensino na nosa lingua. Para iso o Departamento de Orientación en colaboración co/a profesor/a titor/a, a Xefatura de Estudos e o EDLG, deseñarán e levarán a cabo as estratexias previstas nestes casos.

6.4.- Referentes ao alumnado.

- Conseguir que os nenos e nenas sexan capaces de expresarse oralmente e por escrito nas dúas linguas.
- Conseguir que a actitude dos nenos e nenas cara á lingua galega sexa positiva.
- Valorar a importancia que supón coñecer e utilizar a lingua dos seus avós e avoas.
- Conseguir que os nenos e nenas usen a lingua galega en calquera tipo de situación.

6.5.- Referentes ao EDLG : Actividades periódicas e puntuais.

- Organizaranse e impulsaranse as celebracións cíclicas e tradicionais da nosa cultura, para coñecer o seu significado socio-cultural: Samaín, Outono-Magosto, Nadal, Entroido.
- Elaborase material didáctico e propostas de actividades que faciliten aos profesores e profesoras a súa tarefa docente nestas celebracións.
- "Recuncho da Lingua": espazo situado na entrada do centro no que damos a coñecer: léxico, adiviñas, refráns, cantigas, ... con relación a estación na que estamos ou coa conmemoración que estamos a celebrar.
- Recolleita de tradicións orais, contos, lendas, refráns, ditos, adiviñas, toponimia, ...

- Celebración da “Semana das Letras Galegas”, programando actividades, axeitadas a idade dos nosos alumnos e alumnas, ó redor da figura homenaxeada.
- Colaborarase co resto dos equipos ou coa totalidade do claustro, nas celebracións de todo tipo: Día da Paz, Día da Muller Traballadora, etc. e nos distintos proxectos: Proxecto do Plan de Mellora das Bibliotecas escolares, Seminarios do Equipo de Novas Tecnoloxías, elaboración da revista escolar ...
- Poñerase en coñecemento de todo o profesorado os distintos cursos, seminarios, concursos, estudos, etc., relacionados coa lingua e cultura galega ofertados pola administración ou outro tipo de institucións.

7.- ACTIVIDADES PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.

EDUCACIÓN INFANTIL.

Algunhas das actividades que se poden realizar co alumnado de Educación Infantil para a adquisición das dúas linguas oficiais son:

- Actividades para desenvolver a capacidade de articulación e pronunciación:
 - Pronunciar sons onomatopéicos.
 - Pronunciar palabras con dificultade.
 - Traballar sílabas a nivel oral.
 - Xerar palabras novas a partires dunha sílaba.
 - Aprender trabalinguas sinxelos.
 - Conversar a partires dunha imaxe.
- Actividades para entoar correctamente:
 - Estruturas interrogativas:
 - ✓ Preguntar e responder: xogos nos cales pregunten sobre a mesma cousa ou respondan a unha cousa de diversos xeitos.
 - ✓ Continuar unha pregunta iniciada polo profesor ou por outro neno.
 - Estruturas admirativas:
 - ✓ Felicitando ao neno no seu aniversario.

- ✓ Expresando as alegrías, tristezas...
- Estruturas enunciativas:
 - ✓ Actividades para aprender a diferenciar a afirmación da negación.
- Actividades para o ton e a modulación:
 - Repetir unha frase en ton alto, baixo, ás présas
 - Repetir unha frase en ton triste, alegre, enfadado.
- Actividades para traballar as rimas e cadencias:
 - Xogos onde se responda a preguntas en forma de rima.
 - Facer rimas dunha frase.
 - Facer rimas de dúas frases.
- Actividades para ampliar vocabulario:
 - Traballar sinónimos e antónimos.
 - Expresar calidades.
 - Traballar con homónimos.
 - Xogos de propiedades (Exemplo: que cousas hai en clase que teñan algo vermello?)
- Conversacións:
 - Diálogos espontáneos e dirixidos en clase sobre un tema.
- Relatos e narracións:
 - Narración de contos.
 - Inventar contos.
 - Plasmar os contos inventados en debuxos para despois comentalos.
- Descricións:
 - Describir persoas, cousas, animais, lugares, sucesos...

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- Participación nas diversas situacións de comunicación escrita e oral que se presenten na aula e na vida cotiá, mostrando interese e iniciativa e respectando as normas básicas da linguaxe.
- Recitado e dramatización de textos orais axeitados a cada idade.
- Utilización da linguaxe oral para expresar vivencias, opinións experiencias facendo un uso axeitado do vocabulario.
- Narración, de maneira ordenada, de historias imaxinarias.
- Lectura de textos literarios e non literarios axeitados a cada idade, comprendendo o seu contido e significado e formulando despois preguntas sobre os textos, para mellorar a súa comprensión.
- Elaboración de textos escritos e orais tendo en conta os distintos contextos e interlocutores para axustarse a esta diversidade.
- Utilización dos medios de comunicación impresa e audiovisual e internet para obter informacións de interese.
- Expresión oral de desexos, sentimentos, experiencias e opinións, de forma clara, ordenada e respectuosa cos demais, e cun vocabulario apropiado en diálogos, narracións, descricións, invención de relatos etc.
- Escribir textos que respondan a necesidades concretas de comunicación, respectando as normas elementais da escritura.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para obter, recoller e elaborar informacións.
- Utilización de diferentes tipos de textos, orais e escritos, para comunicarse no contexto da aula e da vida diaria (avisos, felicitacións, notas, correspondencia...).
- Utilización adecuada da biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o gozo e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.

8.- ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS. EDUCACIÓN INFANTIL.

É necesaria unha estimulación lingüística rica, variada, de complexidade crecente e sempre adaptada ás posibilidades do/a neno/a e aos seus intereses e motivacións.

Calquera linguaxe que o educador utilice non deberá escandalizar, senón que deberá permitir unha relación individualizada e acorde coas intencións educativas.

O educador é un continuo interlocutor para o neno. A función do centro de E.I. con respecto á linguaxe oral é crear unha gran cantidade e variedade de contextos e situacións nos que se diversifiquen os usos da linguaxe, os termos e as expresións lingüísticas.

A linguaxe trabállase nas aulas de E.I. continuamente en moi distintas situacións. Nestas situacións activas e significativas, e con axuda dos educadores, os nenos aprenden a expresarse, a adquirir unha pronunciación correcta, a usar o ton e a entoación adecuada, a mellorar a súa sintaxe, a escoitar aos demais, a contar a súa experiencia, a xustificar as súas opinións, a descubrir que os interlocutores e os contextos son diversos e variados.

A linguaxe, que é ao principio comunicación cos demais e un procedemento para influír sobre a súa conduta, acaba converténdose nun instrumento de comunicación consigo mesmo e de control e planificación do propio comportamento.

Os compañeiros do neno convértense en axentes de comunicación privilexiados. A importancia que ten a linguaxe oral na comunicación, o interese por expresarse e o gusto por facelo, constitúen aspectos fundamentais para que o neno se vexa incentivado no seu proceso de aprendizaxe.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

As consideracións metodolóxicas estarán presididas pola idea de que a lingua se aprende, se perfecciona, se enriquece como un todo, e que as destrezas (e, polo tanto, os contidos incluídos para o desenvolvemento de cada unha delas) enriquecéanse e apoian mutuamente neste proceso.

En canto á aprendizaxe da lectoescritura, que se levará a cabo nesta etapa educativa, require unha aproximación significativa e funcional, sendo necesario formular situacións e actividades nas que os nenos encontren sentido a utilizar a lingua escrita.

Utilizaranse estratexias activas que potencien as aprendizaxes significativas.

Potenciaranse as aprendizaxes cun forte sentido interactivo e cooperativo.

Usaranse métodos que permitan sentir aos alumnos/as a necesidade da información, da súa localización, selección e uso ético.

Usaranse enfoques que permitan o uso autónomo das T.I.C. e dos recursos da biblioteca como recurso de aprendizaxe.

Favorecerase o rol do/a profesor/a como mediador/a na construción autónoma de aprendizaxes (contextos cotiáns, contornos seguros e motivadores...).

9.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS OFICIAIS.

No caso de que algún alumno ou alumna non presente o suficiente dominio das linguas utilizadas no labor docente, e isto poda repercutir no aproveitamento das ensinanzas que se imparten, o centro adoptará as medidas de atención e reforzo necesarias. Este tipo de medidas serán aplicadas ao alumnado con dificultades, alumnado con necesidades específicas de atención educativa ou alumnado de procedencia estranxeira.

O **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; establece no artigo 7º dous tipos de medidas: medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

Medidas ordinarias:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias:

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- f) Grupos de adquisición das linguas.
- g) Grupos de adaptación da competencia curricular.

9.1.- MEDIDAS A ADOPTAR CO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.

No caso de alumnado procedente do estranxeiro terase en conta a **Orde 20 de febreiro de 2004**, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro- (DOG 26 de febreiro de 2004); na que se establécense as medidas seguintes:

- Escolarización inmediata no momento de producirse a chegada do alumno a Galicia, sen necesidade de esperar ao inicio do novo curso.

- Avaliación inicial por parte do Equipo de Orientación para determinar as necesidades do alumno e que se realizará con carácter xeral no momento de incorporación ao colexio.
- Solicitación de dotación de profesorado de apoio á Delegación Provincial se fose necesario, así como aqueles recursos que se consideren necesarios.

Medidas curriculares:

As medidas curriculares establecidas para a atención ao alumnado estranxeiro serán as que se aplican a nivel xeral na atención á diversidade:

- Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares.
- Flexibilización da idade de escolarización.

Medidas organizativas:

As medidas organizativas terán como finalidade proporcionar unha atención individualizada ás necesidades educativas específicas do alumnado procedente do estranxeiro, así como familiarizalo coa vida do centro. A atención lévase a cabo en agrupamentos flexibles, de carácter temporal, autorizados polas delegacións provinciais e aos que se incorporan os alumnos logo de información á familia. Son de dous tipos:

- ***Grupos de adaptación da competencia curricular.***

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar.

Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular.

Os grupos de adaptación da competencia curricular só se poderán desenvolver no segundo e terceiro ciclo da educación primaria.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ó mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos no segundo e terceiro ciclo da educación primaria, e de 10 na educación secundaria obrigatoria.

Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ó seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abrangue-la totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.

- ***Grupos de adquisición das linguas.***

Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares, de maneira que se posibilite a plena incorporación nas actividades do grupo de referencia onde o alumno se encontre escolarizado.

Esta medida está dirixida, polo tanto, ao alumnado que descoñeza completamente ambas as dúas linguas oficiais de Galicia.

O alumno pode formar parte dalgún destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a Inspección educativa pode autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno pode incorporarse plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as necesidades educativas do alumno debidas ao descoñecemento das linguas vehiculares.

Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na Educación Primaria e, excepcionalmente, no último curso da Educación Infantil.

O horario semanal máximo de atención nestes grupos é de 5 períodos lectivos no último curso de Educación Infantil, 10 no primeiro ciclo da Educación Primaria e 20 no segundo e terceiro ciclo de Primaria. Non obstante, este horario debe ir reducíndose progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular de aprendizaxe.

- Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno, este permanece no seu grupo ordinario de referencia nas materias de Educación física e Educación artística na Educación Primaria. No último curso de Educación Infantil e o primeiro ciclo da Educación Primaria, ademais das actividades específicas que se realicen no grupo de adquisición de linguas, tamén se levan a cabo actividades de apoio á aprendizaxe das linguas dentro do grupo ordinario.

❖ Exención da cualificación das probas de lingua galega.

O **Decreto 79/2010, de 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitaria de Galicia, establece no seu artigo 18º:

1. O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.
2. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.
3. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.
5. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atopa.
6. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

10.- DECISIÓN DO CENTRO RESPECTO DAS LINGUAS EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS.

Co fin de acadar a normalización lingüística do galego como lingua propia de Galicia, procurárase que esta sexa a lingua vehicular da actividade escolar, agás nas áreas en que establece a lexislación vixente.

Trataremos de que ao remate do ensino primario os alumnos e alumnas acaden os correcto uso das dúas linguas: galego e castelán.

En todo caso, seguiremos sempre as directrices emanadas da lexislación vixente.

(Proxecto Educativo, páxina 34, apartado 6º, punto 4º)

EDUCACIÓN INFANTIL.

(Artigo 5º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Instrución do 31 de xullo de 2013):

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.
2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo tendo en conta os seguintes parámetros:

- a) Resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
- b) Realidade sociolingüística do contorno.
- c) Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

3. Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

De acordo co decreto do plurilingüismo, o profesorado de Educación Infantil usará na aula a lingua materna e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial dentro dos límites da etapa ou ciclo, procurando manter unha atención individualizada ao alumnado segundo a súa lingua materna.

Para o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia por parte do alumnado infantil establécense estratexias de iniciación nesa lingua en actividades como :

- RUTINAS: (asemblea, día da semana...).
- Lectura de contos, recitado de poesías, trabalinguas, cancións...

Por outra banda, faranse en galego todas aquelas actividades propostas polos Equipos do centro (EDLG, Equipo da Biblioteca, Equipo de Medio Ambiente, ...) e a iniciación á lectoescritura.

Lingua Inglesa.

No curso 2019/2020 o noso centro incorporouse ao programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación Infantil (**PLURINFANTIL**) impartindo en toda a etapa a psicomotricidade en lingua inglesa durante unha sesión semanal.

Ademais, o alumnado de Educación Infantil realizará actividades que impliquen unha aproximación á lingua estranxeira dunha hora semanal tal e como se recolle na **Orde do 25 de xuño de 2009** pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lingua inglesa será introducida nesta etapa de xeito oral, a través de actividades como:

- Audicións
- Cancións
- Xogos de saúdos, peticións,...
- Imaxes do vocabulario temático: cores, familia, partes da casa, estancias do colexio, animais, meteoroloxía e días da semana.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- (Artigo 6º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia):
 1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
 2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
 3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.
 4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares).
- (Instrución do 31 de xullo de 2013):

O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.

Distribución horaria das materias:

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO Ano 2022

O Claustro de Profesores decidiu que ademais da materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural; impartiranse en galego as materias de Educación Musical e Relixión/Atención Educativa.

1º CURSO (LOMLOE)	HORAS SEMANAIS:		
	en Lingua Galega	en Lingua Castelá	en Lingua Inglesa
Lingua Galega e literatura	4		
Lingua Castelá e literatura		4	
Matemáticas		5	
Ciencias Sociais	2		
Ciencias da Natureza	3		
Lingua Inglesa			2
Educación Plástica e Visual			1
Música e Danza	1		
Educación Física		2	
Relixión ¹ / Proxecto Competencial	1		
TOTAL:	11	11	3

2º CURSO (LOMCE)	HORAS SEMANAIS:		
	en Lingua Galega	en Lingua Castelá	en Lingua Inglesa
Lingua Galega e literatura	4		
Lingua Castelá e literatura		4	
Matemáticas		5	
Ciencias Sociais	2		
Ciencias da Natureza	2		
Lingua Inglesa			2
Educación Plástica e Visual			1
Educación Musical	1		
Educación Física		2	
Relixión / Valores ²	2		
TOTAL:	11	11	3



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO Ano 2022

3º CURSO (LOMLOE)	HORAS SEMANAIS:		
	en Lingua Galega	en Lingua Castelá	en Lingua Inglesa
Lingua Galega e literatura	4		
Lingua Castelá e literatura		4	
Matemáticas		4	
Ciencias Sociais	2		
Ciencias da Natureza	3		
Lingua Inglesa			3
Educación Plástica e Visual			1
Música e Danza	1		
Educación Física		2	
Relixión ¹ / Proxecto Competencial	1		
TOTAL:	11	10	4

4º CURSO (LOMCE)	HORAS SEMANAIS:		
	en Lingua Galega	en Lingua Castelá	en Lingua Inglesa
Lingua Galega e literatura	4		
Lingua Castelá e literatura		4	
Matemáticas		4	
Ciencias Sociais	2		
Ciencias da Natureza	2		
Lingua Inglesa			3
Educación Plástica e Visual			1
Educación Musical	1		
Educación Física		2	
Relixión / Valores ²	1		
Afondamentos/Reforzos	1		
TOTAL:	11	10	4

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO Ano 2022

5º CURSO (LOMLOE)	HORAS SEMANAIS:		
	en Lingua Galega	en Lingua Castelá	en Lingua Inglesa
Lingua Galega e literatura	4		
Lingua Castelá e literatura		4	
Matemáticas		4	
Ciencias Sociais	2		
Ciencias da Natureza	3		
Lingua Inglesa			3
Educación Plástica e Visual			1
Música e Danza	1		
Educación Física		2	
Relixión ¹ / Proxecto Competencial	1		
TOTAL:	11	10	4

6º CURSO (LOMCE)	HORAS SEMANAIS:		
	en Lingua Galega	en Lingua Castelá	en Lingua Inglesa
Lingua Galega e literatura	3		
Lingua Castelá e literatura		3	
Matemáticas		5	
Ciencias Sociais	3		
Ciencias da Natureza	2		
Lingua Inglesa			3
Educación Plástica e Visual			1
Educación Musical	1		
Educación Física		2	
Relixión / Valores ¹	1		
Afondamentos/Reforzos	1		
TOTAL:	11	10	4

¹ Relixión Católica/Evanxélica

² Relixión Católica/Evanxélica ou Valores Sociais e Cívicos.

11.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

O seguimento e avaliación do PLC levarase a cabo polo Equipo Directivo e o E.D.L.G. Os resultados desta avaliación serán presentados ao Consello Escolar, para a súa inclusión na Memoria Anual de Centro.

O seguimento e avaliación do PLC, terá como obxectivo o de coñecer a situación lingüística dos nosos alumnos e alumnas, e dos diferentes grupos, clases ou ciclos. Así mesmo propoñeranse emendas ou cambios a dito PLC, cando se crea oportuno, as cales se comunicarán ao Claustro de Profesores e o Consello Escolar.

Este seguimento e avaliación incidirá sobre todo nos seguintes aspectos:

- Distribución lingüística dos horarios por aulas, cursos e ciclos ao inicio de curso.
- Relación de alumnos ou alumnas con exención de lingua galega ou con dificultades de algún tipo, relacionadas coa aprendizaxe das linguas.
- Relación de material e recursos necesarios.
- Avaliación dos distintos ámbitos nos que actúa o PLC.
- Valoración do uso real da lingua galega dentro e fóra das aulas.
- Seguimento das actuacións específicas a nivel lingüístico, levadas a cabo en nenos ou nenas con algunha necesidade educativa especial ou que procedan do estranxeiro.

Esta revisión do proxecto lingüístico foi aprobado polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar do CEIP Plurilingüe de Palmeira o día 29 de xuño de 2022 e revisado durante o curso 2021-2022.

Noelia M^a Rebollido Fernández
Directora

Martín Ríos Santiago
Secretario



1.- OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS PARA A APRENDIZAXE DA LINGUA INGLESA.

EDUCACIÓN INFANTIL:

Para educación infantil propoñémonos os seguintes obxectivos :

- Que os nenos/as deste ciclo coñezan a existencia doutras persoas que viven noutros lugares e que falan de diferente forma.
- Que amosen unha actitude positiva e respectuosa cara á lingua inglesa e á cultura anglosaxona.
- Que comprendan textos orais sinxelos, relacionados cos seus intereses. (O significado xeral de contos curtos,...).
- Que se familiaricen coas novas formas de comunicación e recoñezan o valor comunicativo das linguas.
- Que recoñezan os aspectos sonoros, rítmicos e de entoación do inglés.
- Que utilicen recursos non lingüísticos para comprender e facerse comprender: técnicas plásticas, respostas físicas (T.P.R.), xestos, dramatización...
- Que adquiran estratexias cognitivas e socio-afectivas.
- Que comprendan as fórmulas básicas de interacción social: saúdos e outras fórmulas de cortesía.
- Que produzan oralmente breves textos rítmicos e musicais: poesías, cancións.
- Que practiquen actividades con toda a clase, en parellas e en grupos que permitan ós nenos/as desenvolver as habilidades sociais mediante distintos modelos de interacción.

- Que comprendan globalmente información sobre o entorno.

A **metodoloxía** utilizada para acadar estes obxectivos será: activa, motivadora, aberta, flexible e gratificante, pois ten que reflectir as capacidades e os intereses dos nenos/as.

Débese iniciar aos nenos e nenas no proceso de Aprender a Aprender.

O que buscamos é a comunicación.

Débese potenciar o desenvolvemento da comprensión auditiva.

Como soporte na comunicación, debemos utilizar os xestos, a expresión corporal, mímica, etc. (TPR)

Todas as actividades van seguir unhas características descritas en todos os enfoques comunicativos.

As unidades estarán estruturadas ao redor de Centros de Interese. Conterán temas próximos á vida dos nenos/as destas idades. Serán os mesmos que traballen co seu profesor ou profesora de Educación Infantil. Tendo todos eles un enfoque globalizador

Achegarémonos ao coñecemento da lingua estranxeira (inglés), cunha intención totalizadora, interrelacionando as distintas áreas que traballa o neno/a na escola.

A afectividade estará moi presente no noso proxecto, pois pensamos que dende a clase de inglés se poden fomentar actitudes de seguridade derivadas do control, cara a novas situacións, favorecendo a súa adaptación.

Centrarémonos, polo tanto en:

- Presentar os contidos de forma gradual, para que os nenos/as asimilen de modo natural a aprendizaxe e adquiren seguridade ao poñela na práctica.

- Practicar sons, entoación, ritmo...; na lingua inglesa mediante cancións e cantigas; tendo así a oportunidade de empregar esta lingua nun ambiente agradable e motivador.
- Desenvolver a comprensión oral, empregando un inglés sinxelo.
- Ensinar vocabulario, frases e expresións, mediante cancións e cantigas.
- Fomentar a comprensión de preguntas simples mediante xogos, por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, da memoria, da linguaxe, da imaxinación, da personalidade; e por ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos/as destas idades.
- Utilizar contos para potenciar o desenvolvemento de actitudes positivas cara a un mesmo e cara aos demais. Este recurso proporciona aos nenos/as de corta idade contextos familiares amenos que facilitan a aprendizaxe global e a construción activa de significados.
- Desenvolver as aptitudes sociais, por exemplo: esperar quenda, traballar en grupos, en parellas
- Traballar conxuntamente as destrezas cognoscitivas e a motricidade.
- Utilizar os recursos audiovisuais como "CDs", "videos", "ordenador" outros como "flashcards", "marionetas", "realia", que son sempre motivadores para os nenos/as.
- Utilizar os recursos plásticos para a aprendizaxe (debuxos, picado, recortado...).
- Utilizar as TIC, como recurso para a aprendizaxe.
- As actividades programadas serán variadas e curtas en función da idade dos nenos/as.

A finalidade que temos en mente é a de introducir aos nenos/as do Segundo Ciclo de Educación Infantil na aprendizaxe dunha primeira lingua estranxeira, de forma amena e lúdica.

Todas as actividades van seguir unhas características descritas en todos os enfoques comunicativos.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

Primeiro e Segundo curso:

Aínda que os obxectivos principais deste ciclo son:

- Valorar a lingua estranxeira, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas.
- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe de uso da lingua estranxeira.
- Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.

Intentaremos conseguir estoutros:

- ✓ Que comprendan breves textos orais relacionados cos seus intereses.
- ✓ Que recoñezan os aspectos sonoros, rítmicos e de entoación do inglés.
- ✓ Que utilicen recursos non lingüísticos para comprender e facerse comprender: técnicas plásticas, respostas físicas (TPR), xestos, dramatizacións.....
- ✓ Que comprendan as fórmulas básicas da interacción social: saúdos e outras fórmulas de cortesía.
- ✓ Que reproduzan oralmente breves textos rítmicos e musicais: poesías, cancións, chants.

- ✓ Relacionar o significado, pronuncia e representación gráfica das palabras.
- ✓ Coordinar e utilizar os trazos básicos da pre-escritura.

Metodoloxía:

O que buscamos é a comunicación.

Débese potenciar o desenvolvemento da comprensión auditiva. Como soporte na comunicación, debemos utilizar os xestos, a expresión corporal, mímica, etc. (TPR)

Achegámonos ao coñecemento da lingua estranxeira (inglés), cunha intención totalizadora, interrelacionando as distintas áreas que traballa o neno/a na escola.

A metodoloxía será activa, motivadora, aberta, flexible e gratificante, pois ten que reflectir as capacidades e os intereses dos nenos/as.

Centrarémonos, polo tanto en:

- Presentar os contidos de forma gradual.
- Practicar sons, entoación, ritmo,...; na lingua inglesa mediante cancións e cantigas; tendo así a oportunidade de empregar esta lingua nun ambiente agradable e motivador.
- Desenvolver a comprensión oral, empregando un inglés sinxelo.
- Ensinar vocabulario, frases e expresións, mediante cancións e cantigas.
- Desenvolver as aptitudes sociais, por exemplo: esperar quenda, traballar en grupos, en parellas
- Traballar conxuntamente as destrezas cognoscitivas e a motricidade.
- Utilizar os recursos audiovisuais como "CDs", "videos", outros como "flashcards", "realia", que son sempre motivadores para os nenos/as.

- Aplicación das TIC.
- Utilizar os recursos plásticos para a aprendizaxe (debuxos, picado, recortado...)
- As actividades programadas serán variadas e curtas en función da idade dos nenos/as.

Terceiro e Cuarto curso:

Aínda que os obxectivos principias deste ciclo son:

- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

Intentaremos acadar estoutros:

- ✓ Recoñecer os sons característicos do inglés e as pautas de entoación e ritmo.
- ✓ Comprender a información global de textos orais sinxelos, referentes a situacións coñecidas.
- ✓ Establecer relacións entre significado, pronunciación e representación gráfica do vocabulario estudado e utilizado en oracións sinxelas.
- ✓ Descifrar mensaxes escritas de distinta natureza con apoio visual.
- ✓ Transferir ao código escrito informacións recibidas oral ou visualmente.
- ✓ Utilizar recursos expresivos non lingüísticos co fin de comprender e facerse comprender mediante o uso do inglés.
- ✓ Amosar unha actitude de respecto cara á Lingua inglesa e ás diversas culturas.

A **metodoloxía** empregada será principalmente realista, activa e globalizada, intentando utilizar o inglés na aula para todo o posible, (sen esixirlles respostas lingüísticas inmediatas) poñendo énfase no diálogo.

O importante é que os nenos/as se comuniquen, aínda que o fagan con erros, deben aprender que os erros forman parte da aprendizaxe da lingua.

O enfoque metodolóxico será o baseado en proxectos.

Quinto e Sexto curso:

- Apreciar o valor da Lingua estranxeira como medio de comunicación amosando curiosidade e respecto cara ós seus falantes a a súa cultura.

- Participar de forma activa en intercambios de información oral e escrita acerca de si mesmo/a, a familia e o seu entorno máis próximo.
- Producir textos orais e escritos en resposta a distintos estímulos (sobre si mesmos, as súas vidas , o seu entorno,...).
- Comprender a información global e específica de textos e mensaxes sinxelos, tanto orais como escritos, referentes a situacións coñecidas.
- Ler de forma comprensiva textos relacionados cos seus intereses e experiencias.
- Recoñecer en textos escritos estruturas gramaticais que sirvan para comunicarse cos seus compañeiros/as.
- Concienciarse sobre os conceptos da gramática formal de xeito sistemático, claro e apropiado.
- Describir e secuenciar acontecementos pasados.
- Recoñecer e utilizar as variantes de entoación e ritmo en diálogos, descrições e narracións sinxelas.
- Amosar interese polo novo vocabulario.
- Amosar interese polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para desenrolar e reforzar a aprendizaxe.

Metodoloxía:

A metodoloxía utilizada neste ciclo seguirá os mesmos parámetros que no ciclo anterior, incidindo cada vez mais na comunicación oral (listening and speaking) e un pouco máis en aspectos gramaticais, enfocada como unha reflexión sobre a forma de falar e utilizada en contexto.